



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



IES Espiñeira

Espiñeira s/n 15930 Boiro
☎ 881 86 66 30 📠 881 86 66 38
ies.espiñeira@edu.xunta.es
www.espiñeira.es

En Boiro, sendo as 14:15 horas do día 02 de outubro de 2017, ten lugar a reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica do IES Espiñeira de Boiro coa seguinte orde do día:

Ausentes:

Barcala, M.J.
Domínguez, M^a del
Mar
Gómez, Guadalupe
Pérez, Mónica
Pimentel, Manuel

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Datas da 2^a avaliación de FP.
3. Tratamento das materias pendentes.
4. Proposta de adaptación ás NOFC da instrución conxunta 9/2017 da Secretaría Xeral Técnica e da Dirección de Centros e Recursos Humanos.
5. Suxestións e preguntas.

1. Apróbase por unanimidade a acta da anterior sesión celebrada o 14 de xuño de 2017.
2. Datas da 2^a avaliación de FP.
Queda establecida como data para a celebración da 2^a avaliación dos segundos cursos da FP (agás a FPB) o día 04 de abril de 2018. Para os restantes cursos son válidas as datas aprobadas no claustro de 15 de setembro de 2017.
3. Tratamento das materias pendentes.
A Xefa de Estudos fai un repaso das normas que deben seguir os departamentos á hora de elaboraren os seus plans de pendentes.
O orientador Antón Castro dá unhas suxerencias no que atinxe ao modo de levar á práctica o plan de recuperación de pendentes.
4. Proposta de adaptación ás NOFC da instrución conxunta 9/2017 da Secretaría Xeral Técnica e da Dirección de Centros e Recursos Humanos.
O Director comenta brevemente a proposta que presenta o equipo directivo para incorporar ás NOFC do centro as recomendacións contidas na devandita instrución da Secretaría Xeral Técnica e da Dirección de Centros e Recursos Humanos. Proposta que debe ser debatida nos departamentos e que queda pendente de ser sometida a votación en claustro.
5. Suxestións e preguntas.
O profesor Afonso Pena propón que se establezan uns criterios para a elección de titores. A dirección do centro insta á elaboración dun documento para estudo en posteriores CCPs.
A profesora Marta Alfonsín insta á dirección a que se chame ao concello de Boiro para que se poñan papeleiras no exterior do centro, en particular preto da porta de entrada, dado que o estado desa zona en concreto é deplorable. A dirección manifesta a súa disposición e compromiso para se poñer en contacto co concello para tratar este asunto.
A profesora Teresa Ferreirós convida a outros departamentos a se sumar á preparación da excursión anual que faio Departamento de Relixión Católica.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a presente reunión sendo as 14:40 horas

O DIRECTOR
Asdo.: Lorenzo Fraga Montero

A SECRETARIA
Asdo.: M^a JOSÉ GARCÍA RIVAS